Universidade Vigo

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

# Indicacións técnicas PDA 2025/26

## Titulacións de Grao

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

# Indicacións técnicas PDA Grao 2025/26

Estimado/a Decano/a, Director/a de centro, Coordinador/a de grao,

Ábrese un prazo dende **o día 4 de novembro de 2024 ata o 26 de novembro de 2024** para a elaboración e aprobación, por parte das Xuntas de Centro, da PDA 2025/26. Este curso realizarase por completo a través da plataforma SIGMA coa axuda da GUÍA DEFINICIÓN PDA e a colaboración da Área de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos. Para facilitar a tarefa, empregarase como base a información da PDA do curso actual que xa está precargada.

Están dispoñibles na Secretaría Virtual os Informes da PDA onde consta a distribución da docencia en grupos. Para acceder ao informe, seleccione a aplicación *Emsia* e, a continuación, seleccione *Informe PDA*




e cubra os datos do *Curso* e o *Centro* para baixar o informe. No curso debe indicar 2025/26. Se só está interesado nunha titulación, pode filtrar por *Plan estudio*. Prema *Crear* para descargar o documento Excel cos datos.




Unha vez decidida a distribución de horas, compre cargar os datos en SIGMA.

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

A carga da PDA consta de dous pasos que resumimos a continuación: a oferta de materias por estudio, e a oferta de grupos por estudio, ambas accesibles dende o módulo de *Planificación Docente* de Sigma.







***Oferta de asignaturas por estudio:***

Aquí temos a oferta actual de materias da titulación. Aparecen en vermello aquelas materias que non se están a ofertar e en verde as demais.

Ao premer na icona de edición, aparece a información actual da materia. A primeira tarefa é comprobar se a docencia está correcta e completamente adscrita aos departamentos encargados da mesma. É dicir, a suma da **adscrición** aos departamentos ten que valer o **100%** para todas as materias.

| | Departamento | Área de conocimiento | Departamento / Área responsable | % de adscripción | Modo de carga |
|---|---|---|---|---|---|
| ✖ | 10311-Tecnologia electrónica | 785-Tecnologia electrónica | ☐ | TE 0,0 %<br>SE 22,73 %<br>AC 0,0 % | Automático |
| ✖ | 10313-Ingenieria telemática | 560-Ingeniería telemática | ☑ | TE 50,0 %<br>SE 31,82 %<br>AC 0,0 % | Automático |
| ✖ | 10314-Teoria de la señal y comunicac | 800-Teoría de la señal y comunicaciones | ☐ | TE 50,0 %<br>SE 45,45 %<br>AC 0,0 % | Automático |

A continuación defínense, para cada materia, as horas e a cantidade de grupos de cada tipo que ten. Como a PDA usa a base da do ano pasado, normalmente so necesitaremos axustar o número de grupos nalgunhas materias.

| | Tipología académica | Peso de la nota | Grupos | Horas/Grupo | Financiación | Se oferta para el año 25/26 | Matriculable | Modo de carga | Certificados | Permite carga en Moodle |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ✖ | 1 - Teoría | | 2 | 14,00 | % | ☑ | ☐ | Automático | ☐ Certificado CA<br>☐ Mostrar nota en certificado CA<br>☑ Certificado de docencia | ☐ |
| ✖ | 3 - Seminarios | | 11 | 14,00 | % | ☑ | ☐ | Automático | ☐ Certificado CA<br>☐ Mostrar nota en certificado CA<br>☑ Certificado de docencia | ☐ |
| ✖ | 9 - Acta | | 2 | 0,00<br>La actividad docente no tiene horas por crédito definidas | % | ☑ | ☑ | Automático | ☐ Certificado CA<br>☐ Mostrar nota en certificado CA<br>☐ Certificado de docencia | ☑ |
| ✚ | | | | | % | Si | ☐ | | ☐ Certificado CA<br>☐ Mostrar nota en certificado CA | |

No caso de materias de **nova impartición** e de **novos graos**, estes aparecen preconfigurados cun grupo de teoría, outro de prácticas e outro de seminario, e a docencia asignada ao departamento por defecto, que hai que modificar. Consulte o Anexo *Configuración de materias de nova impartición* onde aparecen as instrucións precisas de como se deben configurar estas materias.
Lembre que pode solicitar apoio a sigma.grao@uvigo.gal se ten dúbidas coa configuración das materias ou no caso de que exista máis dun grupo de matrícula e se desexe unha única acta.

**Oferta de grupos por estudio:**
A segunda tarefa é definir cada un dos grupos do paso anterior nos que se realizase algunha modificación, agás para as de materias de **nova impartición** e de **novos graos**, xa que neste caso a tarefa será levada a cabo pola Unidade Sigma. (Consultar o anexo *Configuración de materias de nova impartición*).
Cando se fixera unha redución no número de grupos, deberanse eliminar os grupos sobrantes pulsando na icona da aspa.

| | Grupo - Tipo | Tp/Vp | Idioma | Capacidad Propios no repetidores | Capacidad Propios repetidores | Capacidad Externos | Matriculados Propios no repetidores | Matriculados Propios repetidores | Matriculados Externos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ✖ ➤ | 1-Teoria | C/1 | Español/ Gallego | 999 | 999 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| ✖ ➤ | 101-Prácticas | C/1 | Español/ Gallego | 999 | 999 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| ✖ ➤ | 102-Prácticas | C/1 | Español/ Gallego | 999 | 999 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| ✖ ➤ | 101-Seminarios | C/1 | Español/ Gallego | 999 | 999 | 0 | 0 | 0 | 0 |

Para engadir algún grupo máis, seleccionase *Añadir* e cóbrense os datos baseándose no contido dalgún grupo xa existente do mesmo tipo na materia. Débese prestar especial **atención** a escoller o *Macrogrupo* axeitado, e máis cando se trate dunha materia con **docencia vinculada** a outro plan/estudo. Os pasos concretos débense consultar na guía de definición de PDA.
☛ É moi importante **comprobar** que os **idiomas do grupo** son os correctos.
Igual que para a *oferta de asignaturas por estudio*, pódese contar coa axuda de sigma.grao@uvigo.gal para aqueles casos de materias de configuración máis complexa.

Universidade Vigo

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

**Consulta e verificación**

Para verificar de xeito inmediato que a PDA cargada cumpre coa limitación de PDA máxima, procederase a descargar o listado *Carga docente por estudio* que se atopa dentro do menú Explotación e, unha vez aí, *Plan Docente*.
Tras seleccionar o Centro e o Estudio, premendo a icona *Generar* e *Procesar*, xérase unha folla de cálculo coa docencia de todos os grupos. A folla de cálculo almacénase no menú *Mi Cuenta — Listados*.




O número de horas da PDA é o resultado de sumar todos os valores da columna *F* cando a columna *R* non teña o valor *Hijo*. Podemos facelo facilmente dende o *Excel* do seguinte xeito:

1. Seleccionase a fila número 7 completa e, no menú *Datos* seleccionamos o despregable *Filtrar* e pinchamos na opción *Filtrar*.



Universidade Vigo
Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente
Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

2. Na columna *R*, seleccionase o despregable que aparece na caixa *Macrogrupo* e elimínase a opción *Hijos*. Logo prémese en *Aplicar*.




3. Por último, ao seleccionar a columna *F* completa, aparece na barra de estado na parte baixa da fiestra, a suma do número de horas, que en conxunto co resto de graos do Centro, non debe superar a PDA máxima acordada.




Para calquera dúbida pode dirixirse ao director de área de análise estratéxica docente, Miguel Rodríguez Pérez no enderezo direc.analiseestratexica@uvigo.gal ou no número 986130243.

Nota: A normativa, documentación, indicacións técnicas e impresos relacionados con esta solicitude están dispoñibles na web: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/planificacion-docente-anual.

Vigo, a 31 de Outubro de 2024.

Universidade Vigo

Vicerreitoría de
Titulacións e
Innovación Docente

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

# Anexo: Configuración de materias de nova impartición

A configuración inicial dunha materia pode resultar algo máis custoso que a simple modificación dunha xa existente e faise en parte coa axuda da Unidade Sigma. Detállanse a continuación os pasos necesarios.

O proceso comeza dende *Planificación Docente>Plan Docente>Oferta de asignaturas por grupo*




Escollemos o Centro, Estudio e Plano en cuestión




e despois seleccionamos a materia a modificar facendo click na icona de modificación:



| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53170 | Contabilidad financiera | C/1 | 2 | 0 | C/1 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| Modificar | | 11440 | Grado en Comercio | 53171 | Derecho mercantil | C/1 | 2 | 0 | C/1 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53172 | Marketing estratégico | C/1 | 2 | 0 | C/1 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53173 | Decisiones de inversión | C/1 | 2 | 0 | C/1 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53174 | Idioma comercial: Inglés | C/1 | 2 | 0 | C/1 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53175 | Idioma comercial: Alemán | C/1 | 2 | 0 | C/1 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53176 | Contabilidad de costes | C/2 | 2 | 0 | C/2 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53177 | Logística | C/2 | 2 | 0 | C/2 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53178 | Macroeconomía | C/2 | 2 | B | C/2 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53179 | Muestreo aplicado a la investigació | C/2 | 2 | 0 | C/2 | Departamento por defecto/ | TE 1 PR 1 SE 1 |
| | | 11440 | Grado en Comercio | 53180 | Fiscalidad aplicada | C/2 | 2 | 0 | | | |

Debería aparecer un grupo de teoría (TE), outro de prácticas (PR) e outro de seminario (SE) creados xa por defecto.

Débese modificar o departamento adscrito, que orixinalmente é o *Departamento por defecto* e escoller a porcentaxe de adscrición correcta. A suma de todos os departamentos debe valer o 100%.



| | Departamento | Área de conocimiento | Departamento / Área responsable | % de adscripción | Modo de carga |
|---|---|---|---|---|---|
| | 999-Departamento por defecto | Área de conocimiento no definida | ☑ | TE 0,0 % PR 0,0 % SE 0,0 % | Manual |

A continuación debe corrixirse o número de horas de cada grupo creado e cantidade de grupos. Para eliminar unha tipoloxía académica prema na icona da aspa.

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es




**IMPORTANTE:** Teña en conta que ao definir dous ou máis grupos de teoría (*grupos matriculables*) xérase un espazo en Moovi e unha acta de calificacións para cada un deles. Se desexa un único grupo en Moovi e unha única acta, débese definir un grupo de *Acta*:




Elíxese a cantidade de grupos acta (normalmente un), logo se indican 0 horas de docencia e prémese na icona +.
Unha vez engadido o grupo acta, debe eliminar o *check* matriculable da tipoloxía académica *1 – Teoría* e o activalo na topoloxía *9 -Acta*. Faise o mesmo co selector *Permite carga en Moodle*.




Unha vez que todas as materias estean revisadas, debe enviarlle unha mensaxe a sigma.grao@uvigo.gal indicando este feito. A Unidade SIGMA empregará a opción *Oferta de grupos por estudio* para crear todos os grupos declarados coa opción *Oferta de grupos por estudio* e, cando remate, enviará un correo avisando para que a dirección/decanato do centro poida facer a revisión definitiva.

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

# Indicacións técnicas PDA 2025/26

## Titulacións de Máster

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

# Indicacións técnicas PDA Máster 2025/26

Estimado/a Decano/a, Director/a de centro, Coordinador/a de máster,

Ábrese un prazo dende **o día 4 de novembro de 2024 ata o 26 de novembro de 2024** para a elaboración e aprobación, por parte da CAM e das Xuntas de Centro, da PDA 2025/26. Este curso realizarase por completo a través da plataforma SIGMA coa axuda da GUÍA DEFINICIÓN PDA e a colaboración da Área de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos. Para facilitar a tarefa, empregarase como base a información da PDA do curso actual que xa está precargada.

Para facilitar o labor, están dispoñibles na Secretaría Virtual os Informes da PDA do curso actual, onde consta a distribución da docencia en grupos e o número de estudantes con matrícula activa, a data de descarga. Pode acceder ao informe, seleccione a aplicación *Emsia* e, a continuación, seleccione *Informe PDA* e cubra os datos do *Curso*, o *Centro* e o *Plan de estudio* para baixar o informe. No curso debe indicar




2025/26. Prema *Crear* para descargar o documento Excel cos datos.




Unha vez decidida a distribución de horas, cómpre cargar os datos en Sigma.

A carga da PDA consta de dous pasos que resumimos a continuación: a oferta de materias por estudio, e a oferta de grupos por estudio, ambas accesibles dende o módulo de *Planificación Docente* de Sigma.







*Oferta de asignaturas por estudio:*

Aquí temos a oferta actual de materias da titulación. Aparecen en vermello aquelas materias que non se están a ofertar e en verde as demais.

Ao premer na icona de edición, aparece a información actual da materia. A primeira tarefa é cubrir os departamentos ao que previsiblemente pertencerá o profesorado encargado da docencia da materia. Isto poderase modificar á hora de facer o POD.

| | Departamento | Área de coñecimiento | Departamento / Área responsable | % de adscripción | Modo de carga |
|---|---|---|---|---|---|
| ✖ | 10205-Historia, arte y geografía | 445-Historia antigua | ☑ | TE 100,0 % | Automático |
| + | | | ☐ | | |

A continuación defínense, para cada materia, as horas e a cantidade de grupos de cada tipo que ten. Como a PDA usa a base da do ano pasado, normalmente so necesitaremos axustar o número de grupos nalgunhas materias.

| | Tipología académica | Peso de la nota | Grupos | Horas/Grupo | Financiación | Se oferta para el año 25/26 | Matriculable | Modo de carga | Certificados | Permite carga en Moodle |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ✖ | 1 - Teoría | | 1 | 13,00 | % | ☑ | ☑ | Automático | ☐ Certificado CA<br>☐ Mostrar nota en certificado CA<br>☑ Certificado de docencia | ☑ |
| + | | | | | % | Si | ☐ | | ☐ Certificado CA<br>☐ Mostrar nota en certificado CA<br>☐ Certificado de docencia | |

No caso de materias de nova impartición e de novos mestrados, estes aparecen preconfigurados cun grupo de teoría e outro de prácticas e a docencia asignada ao departamento do coordinador do mestrado. Estes datos deben ser corrixidos en caso de ser necesario.

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

**Oferta de grupos por estudio:**

A segunda tarefa é definir cada un dos grupos do paso anterior nos que se realizase algunha modificación. No caso de que se fixese unha redución no número de grupos, estes débense eliminar pulsando na icona da aspa.

| | Grupo - Tipo | Tp/Vp | Idioma | Capacidad Propios no repetidores | Capacidad Propios repetidores | Capacidad Externos | Matriculados Propios no repetidores | Matriculados Propios repetidores | Matriculados Externos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1-Teoria | C/1 | Español/ Gallego | 999 | 999 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| | 101-Prácticas | C/1 | Español/ Gallego | 999 | 999 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| | 102-Prácticas | C/1 | Español/ Gallego | 999 | 999 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| | 101-Seminarios | C/1 | Español/ Gallego | 999 | 999 | 0 | 0 | 0 | 0 |

Para engadir algún grupo máis, seleccionase *Añadir* e cóbrense os datos baseándose no contido dalgún grupo xa existente do mesmo tipo na materia. Débese prestar especial **atención** a escoller o *Macrogrupo* axeitado, e máis cando se trate dunha materia con **docencia vinculada** a outro plan/estudo. Os pasos concretos débense consultar na guía de definición de PDA.

É moi importante **comprobar** que os **idiomas do grupo** son os correctos.

Igual que para a *oferta de asignaturas por estudo*, pódese contar coa axuda de sigma.posgrao@uvigo.gal para aqueles casos de materias de configuración máis complexa.

**Consulta e verificación**

Para verificar de xeito inmediato que a PDA cargada cumpre coa limitación de PDA máxima, procederase a descargar o listado *Carga docente por estudio* que se atopa dentro do menú Explotación e, unha vez aí, *Plan Docente.*

Tras seleccionar o Centro e o Estudio, premendo a icona *Generar* e *Procesar*, xérase unha folla de cálculo coa docencia de todos os grupos. A folla de cálculo almacénase no menú *Mi Cuenta — Listados.*




O número de horas da PDA é o resultado de sumar todos os valores da columna *F* cando a columna *R* non teña o valor *Hijo*. Podemos facelo facilmente dende o *Excel* do seguinte xeito:

1. Seleccionase a fila número 7 completa e, no menú *Datos* seleccionamos o despregable *Filtrar* e

pinchamos na opción *Filtrar*.




2. Na columna *R*, seleccionase o despregable que aparece na caixa *Macrogrupo* e elimínase a opción *Hijos*. Logo prémese en *Aplicar*.




3. Por último, ao seleccionar a columna *F* completa, aparece na barra de estado na parte baixa da

UniversidadeVigo

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 595
vicprof@uvigo.es

fiestra, a suma do número de horas que non debe superar a PDA máxima do título.




Para calquera dúbida pode dirixirse ao director de área de análise estratéxica docente, Miguel Rodríguez Pérez no enderezo direc.analiseestratexica@uvigo.gal ou no número 986130243.

Nota: A normativa, documentación, indicacións técnicas e impresos relacionados con esta solicitude están dispoñibles na web:
https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/planificacion-docente-anual.

Vigo, a 31 de Outubro de 2024.